

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019062	IES Rosais 2	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

O IES Rosais2, tivo ao Colexio Alba como centro asociado, a partir da LOXSE e publicación da Rede de Centros de Galicia, ten como centros adscritos os CEIPS Vicente Risco e García Barbón. Posteriormente asignou selles no mapa zonal da Administración Educativa a zona centro/leste, en distribución que abranguería desde o inicio de García Barbón e Urzáiz até os arredores do Barrio das Flores, incluíndo na súa área de influencia canles de tan alta densidade poboacional como Travesía de Vigo e Rosalía de Castro.

Esta demarcación é unicamente relevante no proceso de admisión de alumnado de Bacharelato, dado que o referido a 1º ESO vén determinado polos colexios adscritos, cuxo alumnado, automaticamente, case enche as nosas aulas de ESO e limita a admisión de alumnado, procedente doutros centros, a vacantes illadas.

A materia Empresa e Deseño de Modelos de Negocio trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da Economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. A empresa é un axente esencial da actividade económica, que está presente de forma cotiá nos medios de comunicación, e forma parte da vida dunha grande maioría dos fogares.

O coñecemento da empresa constitúe un paso esencial para entender o funcionamento global de Economía. A materia pretende a reflexión sobre como responden as empresas aos desafíos actuais que se lles presentan, onde o factor clave da súa actividade reside na innovación.

Esta materia de modalidade está integrada no segundo curso do bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, e pretende, por unha banda, o coñecemento da empresa como axente fundamental no desenvolvemento económico, tendo en conta os valores propios da responsabilidade social corporativa e, pola outra, o fomento dunha cultura empresarial onde o alumnado medre en creatividade e espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e toma de decisións fundamentadas que permitan deseñar unha proposta de modelo de negocio e analizar a súa viabilidade.

O Decreto 157/2022 constitúe a base da programación do curso, e reparte os criterios de avaliación e contidos en 4 bloques que contribuirán á consecución dos obxectivos:

1. A empresa e a súa contorna: que se centra en coñecer a orixe dun proxecto empresarial nunha contorna cambiante e a importancia da innovación como factor clave de supervivencia.
2. O modelo de negocio e de xestión: analiza as diferentes áreas funcionais da empresa que constitúen a base de calquera modelo de negocio.
3. Ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión: ofrécelle ao alumnado exemplos actuais de modelos de negocio inspiradores para novas propostas e as ferramentas creativas e innovadoras que poden ser aplicadas nas diferentes fases do proceso.

4. Estratexia empresarial e métodos de análise da realidade empresarial: estudo de casos e simulación: está realcionado coas ferramentas que permiten analizar a viabilidade do proxecto.

A empresa ten un significado social, crea emprego, canaliza a renda e, por conseguinte, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial debe estar guiado pola responsabilidade social corporativa e adaptada á realidade actual.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 2º de Bacharelato do IES Rosais2 que cursa a materia de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio. A maior parte do grupo cursa, simultaneamente, Empresa e Deseño de Modelos de Negocio e Matemáticas Aplicadas ás CC SS II, feito que resulta útil atendendo ao carácter instrumental das Matemáticas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar a actividade empresarial e emprendedora, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización neste proceso, para comprender o papel que desempeñan dentro do funcionamento global da economía actual.	2			2-5	12-40	1	1-2	
OBX2 - Investigar o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial, analizando as interrelacións empresas-contexto e identificando estratexias viables que partan dos criterios de responsabilidade social corporativa, da igualdade e a inclusión, para valorar a capacidade de adaptación das empresas.	2-3		4	1	20-50	4	1	
OBX3 - Recoñecer e comprender modelos de negocio actuais comparándoos con outros tradicionais, aplicando estratexias e ferramentas que faciliten o deseño creativo e propoñendo modelos de negocio que, achegando valor, permitan satisfacer necesidades e contribuír ao benestar económico e social.	2-3		2-4		40	3	1	
OBX4 - Valorar e seleccionar estratexias comunicativas de aplicación ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas e obtendo a información que se xera tanto no ámbito interno como externo da empresa, para xestionar eficazmente a información necesaria no proceso de toma de decisións e a súa correcta transmisión.	1-3	1-2		3	40		2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Realizar a análise previsional do modelo de negocio deseñado, aplicando as ferramentas de análise empresarial necesarias para comprender o proceso levado a cabo e validar a proposta presentada.				2-3	11-50		1-2-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Empresa e empresario. Clases de empresas e formas xurídicas.	Concepto de empresa: elementos, funcións e obxectivos. Clasificación de empresas. Marco xurídico que regula a actividade empresarial. Características das principais formas xurídicas.	10	12	X		
2	A empresa e o contexto empresarial. O desenvolvemento empresarial.	Características do contexto empresarial. Estratexias empresariais. Responsabilidade social corporativa. Localización e dimensión. A importancia da innovación tecnolóxica. I+D+i.	10	12	X		
3	A organización e dirección da empresa. A xestión dos recursos humanos.	Características organizativas e funcionais da empresa. Selección de persoal. Marco legal das relacións laborais.	10	12	X		
4	A función produtiva.	O proceso de produción. Asignación de recursos produtivos. Custos de produción. Factores determinantes da produtividade. Formas de adquisición da tecnoloxía.	10	12	X	X	
5	A función comercial.	Análise do consumidor. Estratexias de marketing.	9	10		X	
6	A función financeira e de investimento.	Fontes de financiamento. Concepto de investimento e tipos. Elementos dun proxecto de investimento. Valoración e selección de proxectos de investimento.	13	15		X	
7	A información na empresa e a fiscalidade empresarial.	O patrimonio da empresa. As contas anuais e a imaxe fiel. Análise dos estados financeiros. Fiscalidade empresarial. Obrigas contables.	18	20		X	X
8	Modelo de negocio. Ferramentas para crear modelos de negocio innovadores.	Concepto de modelo de negocio. Definir un modelo de negocio: o lenzo de modelo de negocio. Mapa de empatía. Ideación. Pensamento visual. Creación de prototipos. Narración de historias. Creación de diferentes escenarios.	10	11			X
9	Simulación dun modelo e plan	Contexto do modelo de negocio. Análise	10	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	de negocio.	DAFO. Planificación e viabilidade.	10	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Empresa e empresario. Clases de empresas e formas xurídicas.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a importancia da actividade empresarial e o emprendemento na economía actual, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización.	Recoñecer o papel da empresa e o empresario na sociedade.	PE	100
CA1.4 - Coñecer os distintos tipos de empresa, os seus elementos e funcións, así como as formas xurídicas que adoptan relacionando cada unha delas coa responsabilidade legal dos seus propietarios e xestores e coas exigencias de capital.	Analizar, en supostos prácticos, os distintos criterios de clasificación de empresas. Identificar a forma xurídica máis apropiada dadas as características da empresa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O empresario ou a empresa. Perfís. - A empresa. Clasificación. Localización e dimensión da empresa. Marco xurídico que regula a actividade empresarial.

UD	Título da UD	Duración
2	A empresa e o contexto empresarial. O desenvolvemento empresarial.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Analizar o papel da I+D+i no desenvolvemento social e empresarial, identificando novas tendencias e tecnoloxías que teñen un alto impacto na economía.	Identificar fontes de acceso a I+D+i. Recoñecer a importancia da investigación e innovación tecnolóxica na empresa.	PE	100
CA1.3 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas aos cambios do contexto e ás exigencias do mercado, investigando o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial.	Valorar a transcendencia futura das decisións de localización e dimensión adoptadas polas empresas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar e analizar as características do contexto no que a empresa desenvolve a súa actividade, explicando, a partir destas, as distintas estratexias e decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e medioambientais da súa actividade.	Identificar os elementos dunha análise DAFO. Identificar os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa. Identificar estratexias de crecemento e o impacto na contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A empresa. Clasificación. Localización e dimensión da empresa. Marco xurídico que regula a actividade empresarial. - O contexto empresarial. Responsabilidade social corporativa. Muller e emprendemento. Inclusión e emprendemento. - A empresa, dixitalización e innovación. I+D+i. Teorías da innovación. Tipos de innovación. Tendencias emerxentes. Estratexias de innovación.

UD	Título da UD	Duración
3	A organización e dirección da empresa. A xestión dos recursos humanos.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as distintas políticas empresariais de xestión, contratación e formación de recursos humanos, valorando e recoñecendo as actuacións das empresas en materia de igualdade e inclusión.	Identificar o papel da área de recursos humanos na empresa.	PE	100
CA2.3 - Analizar as características organizativas e funcionais da empresa, explicando, a partir delas, as decisións de planificación, xestión e optimización de actividades, recursos e asociacións clave dun modelo de negocio innovador.	Identificar os elementos da empresa e funcións que desenvolven.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A xestión dos recursos humanos. Formación e funcionamento de equipos áxiles. Habilidades que demanda o mercado de traballo. A contratación e as relacións laborais da empresa. As políticas de igualdade e de inclusión nas empresas.

UD	Título da UD	Duración
4	A función produtiva.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade, definindo o soporte necesario para facer realidade un modelo de negocio.	Calcular e interpretar a produtividade e a súa relación cos salarios.	PE	100
CA4.2 - Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.	Identificar e calcular os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa. Calcular, interpretar e representar graficamente o limiar de rendibilidade.		
CA4.4 - Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa, establecendo as liñas de actuación en materia de protección de idea, produto e marca.	Identificar estratexias de propiedade industrial.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A función produtiva. Proceso produtivo. Eficiencia e produtividade. Actividades clave. Recursos clave. Asociacións clave. Estructura de custos: clasificación e cálculo de custos. - A avaliación previa de modelos de negocio: análise DAFO, análise previsional de ingresos e custos e o limiar de rendibilidade. - A protección da idea, do produto e da marca.

UD	Título da UD	Duración
5	A función comercial.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Analizar as características do mercado, explicando, de acordo con elas, a proposta de valor, canles, relacións con clientes e fontes de ingresos dun modelo de negocio innovador.	Identificar e interpretar as diferentes estratexias de marketing. Aplicar criterios e estratexias de segmentación de mercados.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A función comercial. Segmento de clientes. A proposta de valor. Canles. Relacións con clientes. Fontes de ingresos. Estratexias de márketing.

UD	Título da UD	Duración
6	A función financeira e de investimento.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Analizar e tomar decisións sobre investimento e financiamento, aplicando métodos de selección de investimentos e recoñecendo as vantaxes e inconvenientes das distintas fontes de financiamento empresarial.	Identificar as posibilidades de financiamento das empresas. Aplicar a proxectos sinxelos distintos métodos de selección de investimentos e interpretar os resultados acadados.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A función financeira. Estrutura económica e financeira. Investimento. Valoración e selección de investimentos. Recursos financeiros. Análise de fontes alternativas de financiamento interno e externo.

UD	Título da UD	Duración
7	A información na empresa e a fiscalidade empresarial.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Analizar e explicar a situación económico-financiera da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando as posibles solucións aos desequilibrios atopados e analizando o impacto dos tributos que ten que satisfacer a empresa.	Identificar as obrigas fiscais das empresas. Describir o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas.	PE	100
CA4.5 - Valorar a situación económico-financiera da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.	Elaborar en supostos prácticos o balance de situación e a conta de resultados. Analizar a situación económico-financiera.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A información na empresa: obrigas contables. Composición e valoración do patrimonio. Contas anuais e imaxe fiel. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.
- Fiscalidade empresarial: principais tributos que gravan a actividade empresarial.
- A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.

UD	Título da UD	Duración
8	Modelo de negocio. Ferramentas para crear modelos de negocio innovadores.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Comprender o concepto de modelo de negocio como unha forma de lles dar resposta ás necesidades actuais, comparando distintos modelos, desde os máis tradicionais aos máis innovadores.	Identificar as características de distintos modelos de negocio.	PE	100
CA3.1 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas ás exigencias do mercado, explorando ideas, escenarios futuros e novos padróns e modelos de negocio.	Identificar modelos de negocio áxiles e as súas características.		
CA3.2 - Coñecer as distintas estratexias e ferramentas de deseño creativo, aplicando estas á xeración dun modelo de negocio transformador que permita dar resposta ás necesidades actuais.	Coñecer e aplicar as principais ferramentas de deseño creativo a un proxecto de modelo de negocio.		
CA3.3 - Xestionar eficazmente a información e facilitar o proceso de toma de decisións a partir da información obtida, tanto no ámbito interno como externo da empresa, aplicando estratexias e novas fórmulas comunicativas.	Coñecer e aplicar as principais ferramentas de organización de ideas a un proxecto de modelo de negocio.		
CA3.4 - Seleccionar estratexias de comunicación aplicadas ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas comunicativas que faciliten a xestión eficaz da información e a súa transmisión.	Coñecer e aplicar as principais ferramentas de comunicación a un modelo de negocio.		
CA3.5 - Coñecer as ferramentas necesarias que permitan expoñer o proxecto de modelo de negocio, despertando o interese e cativando os demais coa proposta de valor presentada.	Coñecer as principais ferramentas de presentación a un proxecto de modelo de negocio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Empresa e modelo de negocio. - O lenzo de modelo de negocio e de xestión: concepto, áreas, bloques, utilidade e padróns de modelos de negocio. - O punto de vista dos clientes: mapa de empatía. - A creatividade aplicada ao deseño do modelo de negocio e de xestión. O proceso de creatividade: diverxencia e converxencia. Dinámicas de xeración de novas ideas de modelos de negocio. - A competencia e os nichos de mercado. - As ferramentas de organización de ideas: Pensamento visual ou Visual Thinking. Capacidade de síntese. Ideación. Comunicación. - O prototipado: concepto e utilidade. Posibilidades de prototipado: bens, servizos e aplicacións. - As ferramentas de presentación dun proxecto ou idea. Metodoloxía: narración de historias ou storytelling e o discurso no ascensor ou elevator pitch. Outras metodoloxías. - Os escenarios: exploración de ideas, escenarios futuros e novos modelos de negocio. - Outras ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión.

UD	Título da UD	Duración
9	Simulación dun modelo e plan de negocio.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia, comprendendo todo o proceso levado a cabo e aplicando técnicas de	Analizar a contorna xeral e específica da proposta de modelo de negocio.	PE	100
CA4.2 - Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.	Elaborar a conta de resultados previsual da proposta de modelo de negocio. Calcular o limiar de rendibilidade da proposta de modelo de negocio.		
CA4.3 - Elaborar un plan de negocio básico sobre un escenario simulado concreto, xustificando as decisións tomadas.	Elaborar unha proposta de plan de negocio básico.		
CA4.4 - Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa, establecendo as liñas de actuación en materia de protección de idea, produto e marca.	Elaborar a estratexia de propiedade industrial da proposta de plan de negocio.		
CA4.5 - Valorar a situación económico-financieira da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.	Analizar a viabilidade da proposta de plan de negocio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O contexto do modelo de negocio. Previsión: tendencias clave. Macroeconomía: variables macroeconómicas. Competencia: forzas competitivas. - A avaliación previa de modelos de negocio: análise DAFO, análise previsual de ingresos e custos e o limiar de rendibilidade. - A validación do modelo de negocio. Lean Startup. Desenvolvemento de clientes. Desenvolvemento de produto áxil. - A protección da idea, do produto e da marca. - A toma de decisións. Estratexias. Simulación en folla de cálculo. Redacción dun plan de negocios básico. - A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumnado é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo.

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os principios e orientacións pedagóxicas do Decreto 157/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A selección de recursos didácticos e situacións de aprendizaxe realizarase atendendo ás condicións persoais e necesidades específicas do alumnado.

Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías. Empregaremos exames e probas prácticas de abau, ou doutras comunidades autónomas ou das olimpíadas de economía.

Empregaranse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas.

Exporanse os obxectivos das tarefas propostas, proporcionando guías de traballo. No estudo de casos, aplicaranse procedementos que permitan verificar os pasos seguidos dende a formulación ata o resultado final.

Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas.

Proporanse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos. Resulta fundamental promocionar a participación nos programas e plans educativos do centro que faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamento dos elementos transversais.

Ao inicio de cada unidade didáctica exporanse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación.

Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportación do alumnado participante.

A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora. Deseñaranse criterios de avaliación. No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.
- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.
- Obtención de información de empresas a partir de fontes externas (prensa escrita, estudos estatísticos, enquisas...) e de fontes internas (rexistros contables, informes internos, balances e contas de resultados), tanto por medio de soportes tradicionais como informáticos.
- Rexistro, tratamento, interpretación e representación relevante no ámbito da empresa e posterior transmisión desta con diferentes soportes, con especial atención ao uso das TIC's.
- Análise, simulación e resolución de casos no mundo empresarial: identificación da situación e dos seus elementos, selección de conceptos e técnicas para a súa aplicación en cada caso, elaboración de conclusións e selección das decisións que se van a tomar así como avaliación final das decisións tomadas, sendo conscientes da dimensión ética que comporta a toma de decisións.
- Planificación dun proxecto de iniciativa empresarial: busca, valoración e selección de ideas, planificación do proxecto, análise do contorno xeral e específico, análise interna e estudo de viabilidade económica e financeira do proxecto.
- Realización de traballos de investigación escolar facendo fincapé na necesidade de organización, planificación, execución e avaliación dos resultados acadados, valorando a necesidade de crear equipos de traballo que cooperen e creen sinerxías positivas para o conxunto.

O proceso de aprendizaxe programouse, baseándose na realización dunha serie de actividades

de forma individual ou en grupo que pretende iniciar ao alumnado no proceso de autoaprendizaxe desenvolvendo capacidades de comprensión e análise, de relación e manexo de información. Estas actividades complementaranse co explicacións do profesor, con exposicións, supostos de simulación e debates do alumnado. O obxectivo é lograr unha aprendizaxe comprensiva con posibilidades de ser aplicada en distintos contextos.

A metodoloxía a seguir para acadar aprendizaxes significativos debe ter en conta que:

- As aprendizaxes deben ser útiles para a formación posterior e para a vida persoal.
 - Descubrir problemas empresariais relacionados co contexto sociocultural en que se atope o alumnado, con especial referencia á realidade local ou galega en xeral.
 - Débese gardar un equilibrio entre as cuestións teóricas e os aspectos prácticos.
 - Hai que adaptarse ás necesidades dos alumnos/as, debendo partir dos coñecementos previos que teñen os alumnos/as sobre os temas a tratar.
 - Hai que potenciar o traballo en grupo e unha actitude de cooperación.
 - Utilizar recursos didácticos axeitados: material bibliográfico, medios audiovisuais,...

Para que a aprendizaxe sexa significativa ten que ser o alumno/a quen, en último termo, modifique e reelabore os seus esquemas de coñecemento, construíndo a súa propia aprendizaxe e permitindo establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas ós novos contidos. O profesor actúa como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes significativas, proporcionando oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos e capacidades de xeito que o alumno/a poida comprobar a utilidade do aprendido e así consolidalo.

O uso da prensa escrita na aula pode axudar na procura de ditos fins, por ofrecer materiais a partir dos que se pode comezar a introdución de novos conceptos ou aclarar os que se posúen, traballar os contidos vistos na clase, habituar aos alumnos/as á lectura de seccións dos xornais nas que antes non se paraban, etc.

Os exercicios prácticos con representacións, cálculos, redacción de pequenos informes, elaboración de mapas conceptuais, ou valoracións e xuízos propios sobre problemas económicos, deben constituír instrumentos útiles para a autocomprobación dos estudantes e do profesor das ideas captadas e da súa capacidade de aplicación. Fomentárase o uso das TIC's na realización desta tipoloxía de actividades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual do centro en webs dinámicas.
Servizo de videoconferencia: Eduxunta Webex, Falemos Edu.
Plans, proxectos e programas de centro.
Aula de informática.
Biblioteca.
Software específico libre.

Libro de texto se procede.

Actividades complementarias.

Espazo dixital de traballo que permite dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas, documentos e enlaces a outros recursos dixitais; espazo de intercambio e comunicación entre profesorado e alumnado (foros e mensaxeria), e de avaliación, seguimento e recuperación (realización de tarefas, cuestionarios, probas ensaio).

Plataformas de videoconferencia que permiten ao docente interactuar en tempo real co alumnado: compartindo contidos e facilitando a exposición dos mesmos, facendo cuestionarios e exercicios en tempo real e de xeito colaborativo...

Desenvolvemento de actividades de promoción da lectura no ámbito económico.

Desenvolvemento de actividades nos plans, proxectos e programas nos que participa o centro, vinculados aos contidos da materia, fomentando o traballo dos elementos transversais.

O acceso á aula de informática é imprescindible para o desenvolvemento dos contidos.

Utilizarase o libro de texto fixado, da editorial McGrawHill. Tamén consultaremos o libro de Galinova.

O profesor/a empregará a plataforma dixital (blinklearning) e as propias presentación elaboradas persoalmente para expor e explicar os distintos contidos empregando como ferramenta o ordenador e encerada dixital. Tamén se utilizará xornais en formato dixital ou papel para extraer os documentos necesarios para analizar e desenvolver os comentarios económicos e debates programados. En cada tema facilitaráselle ao alumnado que o desexe bibliografía específica para afondar nos contidos explicados. Os exercicios propostos para cada tema serán do mesmo tipo ca os propostos nas probas das PAU. Ao longo de cada unidade didáctica faranse distintas actividades para facilitar a comprensión por parte do alumno. Realizaranse esas actividades dun xeito individual e en pequenos grupos e consistirán en comentarios de textos xornalistas, mapas conceptuais, resumes, exercicios numéricos, etc.. A resolución de exercicios cualificarase cunha nota numérica e terase en conta para a avaliación do trimestre segundo os criterios establecidos.

RECURSOS: Aula de informática Encerado , Encerado dixital, canón, revistas, anuarios, acceso a Internet, etc.

As tecnoloxías da información e comunicación tamén terán un papel destacado no desenvolvemento desta materia, facendo uso de gran parte das webs recollidas na programación da materia de economía e modelos de negocio de 2º Bach.

Dada a metodoloxía empregada, Internet convértese nunha ferramenta clave de traballo neste proxecto.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa. Formularase como proba escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado. Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

A avaliación inicial desenvolverase dende principio de curso co prantexamento de diversas preguntas orais antes da explicación de cada unidade didáctica, que permita saber o grao de coñecemento previo do que parten os alumnos Criterios para a acreditación de coñecementos previos, no seu caso. (Bacharelato)

Para o alumnado de bacharelato, a formación económica básica do alumnado intégrase na área

das ciencias sociais da educación secundaria obrigatoria como unha parte que teñen que adquirir en relación ao medio social. O bacharelato esixe profundizar nesa formación, o que supón unha aproximación cada vez máis analítica e especializada que, sen perder a perspectiva global, permita a construción de coñecementos máis precisos e axustados. Por outra parte, trátase dunha disciplina que se presta especialmente a un enfoque multidisciplinar, pois precisa doutras ciencias.

No caso da materia de segundo será preciso acreditar que o alumnado posúe os coñecementos básicos relativos ao mundo da empresa traballados no primeiro curso, esta credencial ten especial relevancia co alumnado coa materia pendente. O procedemento a seguir será o seguinte, o profesorado dedicará as primeiras sesións do curso a repasar os contidos relativos ás unidades 2 e 3 do primeiro curso, usando metodoloxía de pregunta – resposta que permita verificar e ensinar ao alumnado que non posúa os coñecementos mínimos precisos para poder profundar nos contidos propios da materia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	9	13	18	10	10	100
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Cualificación de cada avaliación parcial:

A proba escrita terá un peso dun 85% e o 15% o traballo na aula (exercicios, traballos, probas...).

Calcularase como media ponderada das cualificacións das unidades didácticas determinadas pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos. Para poder facer media a nota mínima a ter en conta será un 4, non facendo media notas inferiores ao 4.

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Cualificación avaliación ordinaria:

Calcularase como media ponderada das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo.

Copiar nos exames ou calquera outra irregularidade no desenvolvemento dos mesmos detectado pola profesora ou profesor, conlevará suspender dita avaliación, pódendose repetir “exclusivamente” nas probas finais de xuño ou extraordinaria do curso correspondente, segundo proceda.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supera algunha avaliación parcial, será convocado a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos. Para poder facer media a nota mínima a ter en conta será un 4, non facendo media notas inferiores ao 4.

O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (PE), que versará sobre os contidos específicos das avaliacións suspensas. A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media das cualificacións das avaliacións parciais superadas e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas, sen aplicar o redondeo. Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación. Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa mínimo 5.

Despois de cada trimestre farase unha proba escrita de recuperación para os alumnos/as que non superaran a avaliación ordinaria. A proba será do estilo das sinaladas nos procedementos de avaliación e avaliaranse os coñecementos adquiridos no trimestre. Para superar a materia deberán ter superadas satisfactoriamente tódalas avaliacións.

Copiar nos exames ou calquera outra irregularidade no desenvolvemento dos mesmos detectado pola profesora ou profesor, conlevará suspender dita avaliación, pódendose repetir "exclusivamente" nas probas finais de xuño ou extraordinaria do curso correspondente, segundo proceda.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo estableza a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación mínima de 5.

Para o alumnado de segundo de bacharelato coa materia de primeiro de bacharelato pendente pode optar por unha avaliación con dúas probas parciais ou por un único exame no mes de abril. No caso de que o alumno decida a acollerse a avaliación por parciais ,avaliarase tendo en conta os traballos e actividades esixidas e a cualificación de dúas probas escritas que se desenvolverán ao longo do mes de xaneiro e marzo respectivamente . No caso de que o alumno non acade unha valoración positiva , poderá realizar a proba final con contidos mínimos da programación a desenvolver no mes de abril/maio.

Todos os alumnos/as deberán seguir o libro recomendado do curso en concreto. O procedemento a seguir será o seguinte:

Alumnado que decida presentarse aos dous parciais,

Entregarase un boletín de exercicios e desenvolvemento de contidos ao inicio de cada parcial que serán corrixidos polo profesor/a. Abarcaranse os contidos mínimos establecidos na programación.

Cada alumno/a deberá entregar cada parcial 1 comentario de texto de apoio ou noticia de actualidade relacionada coa materia, así como unha serie de exercicios tipo exame.

Realizaranse dúas probas escritas sobre contidos mínimos ao longo do curso da materia de 1º en relación aos seguintes temas

1ª parte: unidades 1,2,3,4,5,6 e 7.

2ª parte: unidades 8,9,10,11,12,13,14.

Datas concretas a fixar e notificar polo centro, que serán expostas con tempo suficiente nos taboleiros de anuncios.

Alumnado que decida non presentarse aos dous parciais, ou non supere a materia por esta vía: no caso de alumnado que non acaden o aprobado na media dos parciais, ou decidan non presentarse a algún dos mesmos, terán dereito a unha proba xeral a finais abril o principio de maio de toda a materia

6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
 - Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
 - Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
 - Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixiadas e avaliadas.
 - Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
 - Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

As medidas de atención á diversidade foron en parte xa presentadas. Se contamos con actividades de reforzo ou de ampliación estamos atendendo á diversidade existente en canto aos ritmos de aprendizaxe. En canto aos instrumentos de avaliación, usando unha gama variada de instrumentos tamén estamos aceptando unha diversidade dentro do alumnado, xa que o normal é que diferentes persoas se sintan cómodas con un diferentes instrumentos.

Outra peza importante da atención á diversidade son os agrupamentos, para os traballos de grupo será o propio docente o que realizará a composición de grupos, tentando que sexan equilibrados.

Outros posibles problemas, sempre tendo en conta que o bacharelato non é unha etapa obrigatoria de ensino, serán detectados en coordinación co departamento de orientación

educativa e o docente titor, podendo en casos particulares de problemas persoais de diversa índole adaptar tempos en canto aos procedementos de avaliación.

- Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixida a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. .

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade.	X			X	X			X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X

	UD 9
ET.5 - Creatividade.	X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.8 - Educación emocional e en valores.	X
ET.9 - A igualdade de xénero.	X

Observacións:

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Emprendemento. Trátase dun contido que se aborda dunha maneira intensa na materia de Economía. Preténdese que o alumnado acade competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e ó fomento da igualdade de oportunidades e dos respecto ao emprendedor e ao empresario, así como a ética empresarial.

Comunicación audiovisual eTecnoloxías da información e comunicación.

Fomentar o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación(TIC). Uso das TIC na aula, abordando as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das novas tecnoloxías.

Comprensión lectora. Procederase á lectura de distintos textos económicos na aula e propostas individuais e en grupo ,con comentarios orais na aula que permitan ao alumnado expresar os niveis de comprensión e mellorar a través das correspondentes aclaracións e corrección o grao desa comprensión.

Expresión oral e escrita. Mellora da comprensión lectora a través da lectura e análise de textos de contido económica

Educación cívica: recoñecemento do papel da empresa na actividade económica e no desenvolvemento da sociedade, do interese social de determinadas empresas que adoptan forma de cooperativa ou sociedade laboral e da obriga do cumprimento das normas xurídicas (mercantís, fiscais, laborais, etc.) que regulan a actividade da empresa.

Actitude crítica ante a utilización abusiva do factor traballo, ante as actividades de marketing que utilizan moitas empresas para o cumprimento dos seus obxectivos de venda e ante as empresas que non rexen por criterios éticos a súa actividade. reflexión sobre o feito de que algunhas empresas están a aumentar a súa preocupación polos temas de medio ambiente, o interese de incluír información nos estados contables sobre o proceso produtivo e a súa influencia sobre o medio ambiente e sobre as deducións fiscais que as empresas poden obter se aplican nos seus investimentos políticas de protección do medio ambiente.

Actitude crítica fronte ás empresas que non teñen en conta nas súas decisións o impacto ambiental da súa actividade produtiva, fronte a utilización de termos medioambientais en campañas publicitarias como reclamo do produto e ante a falta de lexislación que obrigue a informar sobre todas as actuacións das empresas en relación co medio ambiente.

Crítica fronte á publicidade masiva de produtos e servizos, as mensaxes expresadas nos anuncios, a aparición de novos produtos que crean novas necesidades e sobre a existencia de obxectivos empresariais que perseguen a satisfacción de necesidades dos consumidores de forma fraudulenta e especulativa.

Prevención da violencia: reflexión sobre o conflito de intereses existente entre os diferentes grupos de persoas interesadas na empresa e a importancia de desenvolver proxectos por parte das empresas en áreas xeográficas que padecen ou padeceron guerras e conflitos.

Actitude crítica fronte á realización de actuacións fóra da lei por parte dalgunhas empresas ou fronte a participación dalgunhas empresas en conflitos bélicos ou a venda de armamento a países en guerra. Recoñecemento da importancia da incorporación da muller á actividade laboral e empresarial, concienciación

acerca da necesidade de practicar unha política de persoal non discriminatoria nas empresas que respecte a normativa laboral, que expresa que en ningún caso poderá existir discriminación por razón de sexo nas relacións laborais. Actitude crítica ante produtos

sexistas, anuncios discriminatorios ou denigrantes, etc.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación en concursos e/ou programas de innovación educativa asociado cos contidos da materia.	Empresa familiar na aula (Programa de emprendemento).	X		

Observacións:

A participación en concursos e/ou programas de innovación educativa será sempre que o alumnado quiera participar e non interrompa moito o desenvolvemento do curso, procurando que non entorpeza a preparación da proba de Abau en xuño.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro.
Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia.
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.
Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación, en función das súas necesidades.

Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.
Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.
Establece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado.
Metodoloxía empregada
Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.
Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público.
Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
Medidas de atención á diversidade
Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inxerencias do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas.
Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ao currículo do alumnado
Clima de traballo na aula
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.
Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos.
Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.

Descrición:

Tal e como establece a normativa, O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes. Tales indicadores consisten nunha serie de elementos que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Valoraranse de 0 a 5.

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación

Durante todo o curso, nas reunións do Departamento (das que queda constancia nas actas de reunión), a Xefa controlará o desenvolvemento e cumprimento da programación. Como mínimo farase un informe por avaliación ou con menor periodicidade, se as circunstancias así o requiren. Ao final de curso, farase a seguinte análise da programación:

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica
(Indicadores de logro)

Escala

1
2
3
4

Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?

Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades formativas?

O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?

Engadiuse algún contido non previsto á programación?

Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?

Secuenciáronse os criterios de avaliación para cada unha das unidades/temas

Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?

Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?

Son adecuados os materiais didácticos utilizados?

O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?

Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?

Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, actividades, etc.?

Establecéronse criterios para a recuperación dunha avaliación?

Fixáronse criterios para a avaliación final?

Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?

Elaboráronse plans de seguimento para alumnado coa materia pendente?

Levou a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE?

Seguiu e revisouse a programación ao longo do curso?

Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?

Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

Propostas de mellora:

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia a cada grupo e nas reunións mensuais de departamento. O informe de seguimento require indicar o número de sesións empregadas en cada unidade didáctica, grao de cumprimento, propostas de mellora e observacións.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar co fin de introducir as modificacións que sexan precisas.

O informe de seguimento facilitará a redacción da Memoria Final.

Ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados